Comisión da transparencia de Galicia

(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 01/09/2017 11:56:12
SAIDA 9649/17

D. Miguel A Delgado González
(Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia – PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º dereita
15 005 A CORUÑA

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

Expediente **DAIPVP004/2017**

Reclamante: PLADESEMAPESGA

RESOLUCIÓN DO VALEDOR DO POBO POLA QUE SE ATENDE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA Nº DAIPVP004/2017

Con data 2 de agosto de 2017 tivo entrada na institución do Valedor do Pobo solicitude de acceso á información pública cursada por Miguel A. Delgado González en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia, PLADESEMAPESGA .ao amparo da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; solicitude que quedou rexistrada co número **DAIPVP004/2017** e na que se recolle:

"Solicitude copia convenio anunciado por LOPDAT Protección de Datos SL con NIF/CIF B70124607 sobre a web e protección de datos da institución Valedor do Pobo."

Unha vez analizada a solicitude, e de acordo co artigo 26 da mencionada lei, que regula o dereito ao exercicio de acceso á información pública, este órgano TRASLADA:

Non existe ningún convenio coa citada entidade, tampouco ningún contrato ou relación algunha entre a entidade citada e os servizos informáticos da institución, polo que con data de hoxe se procede a requirirlle á citada empresa que deixe de publicitar o noso logo na súa páxina, pois carece de autorización da institución para o seu uso.

Agardando ter satisfeita a súa solicitude debe saber que, en virtude do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso do Valedor do Pobo só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativoA fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei

19/2013[1], poñemos á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a copia do DNI como calquera cuestión que considere para a incorporación ao expediente (reclamacions@comisiondatransparencia.gal)

Neste caso, e se vostede o solicitara, remitirémoslle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2017

Milagros Otero Parga

Valedora do Pobo

[1] Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.